DEPUTACIÓN DE LUGO

**ACTA XUNTA DE GOBERNO**

**SESIÓN ORDINARIA DE VINTE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE**

**(ACTA NÚMERO 44)**

**Presidente:**
D. José Tomé Roca

**Sres. Deputados:**
Dª. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
Dª. Mª. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
Dª. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé María Arias Fernández
Dª. José Luís Raposo Magdalena
Dª. Mónica Freire Rancaño

**Secretaria:**
Dª. María Esther Álvarez Martínez

**Interventora:**
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e dez minutos do día **vinte de setembro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria Dª. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora Dª. Rosa Abelleira Fernández.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRECE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trece de setembro de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

**2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS CONCELLOS DE PANTÓN E POBRA DE BROLLÓN, SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Pantón e Pobra do Brollón no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018, acordouse a aprobación das Bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018,. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese "As baixas obtidas nas licitacións será investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (...), previa proposta do Concello …"

Segundo o establecido na base 18, "Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación: A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV)".

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 29 de maio de 2018, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce remanente na adxudicación.

Os concellos indicados achegaron os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se relacionan:

Concello de Pantón

O Concello de Pantón presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

| Nº obra | IDENTIFICACIÓN | APLICACIÓN | BAIXA € DEPUTACIÓN |
|---|---|---|---|
| 181 | SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN VILAMELLE, INCLUÍDO HONORARIOS | 2018 1600 762 | 19.490,90€ |
| 182 | MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN MARCE, REBEIRAS DE MIÑO, EIRÉ, PANTÓN E FERREIRA, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS | 2018 1531 762 | 3.671,25€ |

Así mesmo, por escrito, de data 09 de setembro de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o indicado na base 13 " ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello…" nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as

actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

| IDENTIFICACIÓN | APLICACIÓN | FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN | FINANCIACIÓN CONCELLO | TOTAL INVESTIMENTO |
|---|---|---|---|---|
| SANEAMENTO NO NÚCLEO DE SOUTO, CON CONEXIÓN Á REDE MUNICIPAL | 1600 76255 | 19.490,00€ | -- | 19.490,00€ |
| MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN VILAR DE SOUTO | 1531 76255 | 3.671,24€ | -- | 3.671,24€ |

Así mesmo, o Concello solicita "unha prórroga para a execución e xustificación do referido investimento, ata o 30 de novembro de 2019", podendo realizarse nos termos seguintes:

| INVESTIMENTO | PRAZO EXECUCIÓN | PRAZO XUSTIFICACIÓN |
|---|---|---|
| SANEAMENTO NO NÚCLEO DE SOUTO, CON CONEXIÓN Á REDE MUNICIPAL | 30-11-2019 | 30-11-2019 |
| MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN VILAR DE SOUTO | 30-11-2019 | 30-11-2019 |

Concello de Pobra do Brollón

O Concello de Pobra do Brollón presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

| Nº obra | IDENTIFICACIÓN | APLICACIÓN | BAIXA € DEPUTACIÓN |
|---|---|---|---|
| 216 | REXENERACIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS: DE AREAS AO CAMPO, DO ALTO DE SANTA LUCÍA A POUSA E ACCESO A BARRIO, P.K. 0+000 – 3+225, INCLUÍDO HONORARIOS | 2018 1531 762 | 10.835,99€ |

Así mesmo, por escrito de data 11 de setembro de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o indicado na base 13 " ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello…" nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

| IDENTIFICACIÓN | APLICACIÓN | FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN | FINANCIACIÓN CONCELLO | TOTAL INVESTIMENTO |
|---|---|---|---|---|
| REXENERACIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS: CAMIÑO DE ACCESO A PIÑO-SUHORTTOS E ESTRADA NA FRIEIRA | 1531 76255 | 10.835,99€ | 1.846,92€ | 12.682,91€ |

Así mesmo, o Concello solicita "unha prórroga para a execución e xustificación do referido investimento, ata o 30 de novembro de 2019", podendo realizarse nos termos seguintes:

| INVESTIMENTO | PRAZO EXECUCIÓN | PRAZO XUSTIFICACIÓN |
|---|---|---|
| REXENERACIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS: CAMIÑO DE ACCESO A PIÑO-SUHORTTOS E ESTRADA NA FRIEIRA | 30-11-2019 | 30-11-2019 |

Tendo en conta a solicitude dos sinalados concellos, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan único 2018, "Os investimentos así financiados con cargo a baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial…".

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados polos importes indicados, con cargo aos remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo respectivo concello, no Plan único 2018, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas no seu caso.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Pantón e Pobra do Brollón e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente, o investimento/s que deseguido se indica co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificado a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas, no seu caso.

| IDENTIFICACIÓN | CONCELLO | APLICACIÓN | FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN | FINANCIACIÓN CONCELLO | TOTAL INVESTIMENTO |
|---|---|---|---|---|---|
| SANEAMENTO NO NÚCLEO DE SOUTO, CON CONEXIÓN Á REDE MUNICIPAL | PANTÓN | 1600 76255 | 19.490,00€ | -- | 19.490,00€ |
| MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN VILAR DE SOUTO | | 1531 76255 | 3.671,24€ | -- | 3.671,24€ |
| REXENERACIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS: CAMIÑO DE ACCESO A PIÑO-SUHORTTOS E ESTRADA NA FRIEIRA | POBRA DO BROLLÓN | 1531 76255 | 10.835,99€ | 1.846,92€ | 12.682,91€ |

**2º.-** Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Pantón e Pobra do Brollón, e, en consecuencia, concederlles a prórroga solicitada para a execución e xustificación do

investimento incluído con cargo a remanentes e indicado deseguido, debendo de remitir a Deputación, de forma individual a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (anexo III ou IV) e a xustificación nos termos indicados nas bases.

| INVESTIMENTO | PRAZO EXECUCIÓN | PRAZO XUSTIFICACIÓN |
|---|---|---|
| SANEAMENTO NO NÚCLEO DE SOUTO, CON CONEXIÓN Á REDE MUNICIPAL | 30-11-2019 | 30-11-2019 |
| MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN VILAR DE SOUTO | 30-11-2019 | 30-11-2019 |
| REXENERACIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS: CAMIÑO DE ACCESO A PIÑO-SUHORTTOS E ESTRADA NA FRIEIRA | 30-11-2019 | 30-11-2019 |

Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DE VARIOS CONCELLOS, SOLICITANDO PRÓRROGA PARA A EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS E DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Burela, Cervantes, Cervo, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Ourol, Outeiro de Rei, Pantón, Pol, Castro de Rei, Navia de Suarna e Baleira e Palas de Rei, no que solicitan prórroga para poder executar e xustificar investimentos e o programa de Fomento de Emprego, incluído no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluído, polos concellos indicados os investimentos e actuacións sinaladas.

Nas devanditas bases (Base 21) estableceuse, no relativo á xustificación dos investimentos "... todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2019 e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse a Deputación na data límite do 15 de outubro de 2019.

Excepcional e motivadamente, o concello poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno".

No relativo ao programa de fomento do emprego, indícase "... sendo a data límite de vencemento do programa o 30 de setembro de 2019. A efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación, na data límite do 15 de outubro de 2019 a conta xustificativa ..."

As Alcaldías dos concellos indicados, solicitan unha prórroga para executar/xustificar investimentos e programa de fomento do emprego, polos motivos e prazos que se sinalan nos apartados seguintes:

Concello de Burela

O Concello de Burela incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

<table>
<tr><td rowspan="2">BURELA</td><td rowspan="2">40</td><td>IDENTIFICACIÓN</td><td colspan="6">REMODELACIÓN DO PARQUE DE SUAFONTE</td></tr>
<tr><td>FINANCIACIÓN</td><td>60.000,00</td><td>0,00</td><td>60.000,00</td><td></td><td></td><td>X</td></tr>
</table>

A Alcaldía do Concello de Burela, a través de escrito de data 05 de setembro de 2019, solicita unha ampliación do prazo para a execución e xustificación das actuacións descritas, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica " ..incumprimentos contractuais da empresa adxudicataria..." ata os prazos que se sinalan:

| CONCELLO | INVESTIMENTO | NÚM | PRAZO EXECUCIÓN | PRAZO XUSTIFICACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| BURELA | REMODELACIÓN DO PARQUE DE SUAFONTE | 40 | 30-11-2019 | 30-11-2019 |

Concello de Cervantes

O Concello de Cervantes incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CERVANTES | 64 | IDENTIFICACIÓN | REXENERACIÓN DE VÍAS MUNICIPAIS EN SAN PEDRO E VILAPÚN, INCLUÍDO HONORARIOS | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 36.284,97 | 0,00 | 36.284,97 | | X | |

A Alcaldía do Concello de Cervantes, a través de escrito de data 12 de setembro de 2019, solicita unha ampliación do prazo para a execución e xustificación das actuacións descritas, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica " ..a execución da obra acaba de comezar e previsiblemente non remate antes do 30 de setembro..." ata os prazos que se sinalan:

| CONCELLO | INVESTIMENTO | NÚM | PRAZO EXECUCIÓN | PRAZO XUSTIFICACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| CERVANTES | REXENERACIÓN DE VÍAS MUNICIPAIS EN SAN PEDRO E VILAPÚN, INCLUÍDO HONORARIOS | 64 | 30-10-2019 | 30-10-2019 |

Concello de Cervo

O Concello de Cervo incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CERVO | 70 | IDENTIFICACIÓN | REMODELACIÓN DE RÚA DO FARO, TRAMO ENTRE ROTONDA E ACCESO Á PRAZA DA URBANIZACIÓN DO FARO EN SAN CIBRAO | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 199.580,09 | 12.000,00 | 211.580,09 | | X | |

A Alcaldía do Concello de Cervo, a través de escrito de data 11 de setembro de 2019, solicita unha ampliación do prazo para a execución e xustificación das actuacións descritas, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ..que se atoparon diferentes elementos de interese arqueolóxico, e debido a complexidade dos trámites necesarios para o proceder ao remate das actuacións...” ata os prazos que se sinalan:

| CONCELLO | INVESTIMENTO | NÚM | PRAZO EXECUCIÓN | PRAZO XUSTIFICACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| CERVO | REMODELACIÓN DE RÚA DO FARO, TRAMO ENTRE ROTONDA E ACCESO Á PRAZA DA URBANIZACIÓN DO FARO EN SAN CIBRAO | 40 | 30-11-2019 | 30-11-2019 |

Concello de Folgoso do Courel:

O Concello de Folgoso do Courel incluíu ao abeiro do Plan Único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| FOLGOSO DO COUREL | 87 | IDENTIFICACIÓN | MELLORA DE DÚAS PRAZAS EN SEOANE E MIRAZ | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 28.695,03 | 0,00 | 28.695,03 | | | X |
| | 88 | IDENTIFICACIÓN | PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO DE ACCESO A FERREIRÓS DE ABAIXO, P.K 0+000 - 0+137 | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 16.085,36 | 0,00 | 16.085,36 | | X | |
| | 89 | IDENTIFICACIÓN | PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO DE ACCESO A MOREDA, P.K 0+000 - 0+178 | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 17.453,40 | 0,00 | 17.453,40 | | | X |
| | 91 | IDENTIFICACIÓN | AFIRMADO DE CAMIÑO DE ACCESO A CAMPA, P.K. 0+000 - 0+250 | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 14.426,88 | 0,00 | 14.426,88 | | | X |
| | 92 | IDENTIFICACIÓN | PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO EN FOLGOSO, P.K. 0+000 - 0+205 | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 15.839,46 | 0,00 | 15.839,46 | | | X |

A Alcaldía do Concello de Folgoso do Courel, a través de escrito de data 26 de agosto de 2019, solicita unha ampliación do prazo para a execución e xustificación das actuacións descritas, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ..as obras precisaron autorizacións de organismos, e por causas administrativas e posto que concidiu con período estival...” ata os prazos que se sinalan:

| CONCELLO | INVESTIMENTO | NÚM | PRAZO EXECUCIÓN | PRAZO XUSTIFICACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| FOLGOSO DO COUREL | MELLORA DE DÚAS PRAZAS EN SEOANE E MIRAZ | 87 | 15-11-2019 | 15-11-2019 |
| | PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO DE ACCESO A FERREIRÓS DE ABAIXO, P.K 0+000 - 0+137 | 88 | | |
| | PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO DE ACCESO A MOREDA, P.K 0+000 - 0+178 | 89 | | |
| | AFIRMADO DE CAMIÑO DE ACCESO A CAMPA, P.K. 0+000 - 0+250 | 91 | | |
| | PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO EN FOLGOSO, P.K. 0+000 - 0+205 | 92 | | |

Concello de A Fonsagrada

O Concello de A Fonsagrada incluíu ao abeiro do Plan Único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A FONSAGRADA | 94 | IDENTIFICACIÓN | ACONDICIONAMENTO E DOTACIÓN DE SERVIZOS NA AVDA. DE GALICIA | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 230.188,79 | 18.585,70 | 248.774,49 | | X | |

A Alcaldía do Concello de A Fonsagrada, a través de escrito de data 12 de Agosto de 2019, solicita unha ampliación do prazo para a execución e xustificación das actuacións descritas, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica " ... non se recibiu autorización correspondente..." ata os prazos que se sinalan:

| CONCELLO | INVESTIMENTO | NÚM | PRAZO EXECUCIÓN | PRAZO XUSTIFICACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| A FONSAGRADA | ACONDICIONAMENTO E DOTACIÓN DE SERVIZOS NA AVDA. DE GALICIA | 94 | 31-10-2019 | 15-11-2019 |

Concello de Ourol

O Concello de Ourol, por acordo da Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2019, incluíu ao abeiro do Plan único 2018, con cargo a remanentes, o seguinte investimento:

| IDENTIFICACIÓN | CONCELLO | APLICACIÓN | FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN | FINANCIACIÓN CONCELLO | TOTAL INVESTIMENTO |
|---|---|---|---|---|---|
| CONSTRUCION DE BADENES REDUCTORES DE VOLCIDADE EN MERILLE E REPARACIÓN E MANTEMENTO DE ACCESOS EN BURGÁS, CERNADO, OUROL E POUSADOIRO-FOLGOSO | OUROL | 1531 76255 | 34.940,70€ | 19.322,15€ | 54.262,85€ |

A Alcaldía do Concello de Ourol, a través de escrito con rexistro de data 12 de setembro de 2019, solicita unha ampliación do prazo para a execución e xustificación das actuacións descritas, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica " ..ven arrastrando retrasos e prórrogas motivados pola falla de permisos e autorizacións dependentes doutras administracións..." ata os prazos que se sinalan:

| CONCELLO | INVESTIMENTO | NÚM | PRAZO EXECUCIÓN | PRAZO XUSTIFICACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| OUROL | CONSTRUCION DE BADENES REDUCTORES DE VOLCIDADE EN MERILLE E REPARACIÓN E MANTEMENTO DE ACCESOS EN BURGÁS, CERNADO, OUROL E POUSADOIRO-FOLGOSO | REM | 15-11-2019 | 30-11-2019 |

Concello de Outeiro de Rei

O Concello de Outeiro de Rei incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OUTEIRO DE REI | 175 | IDENTIFICACIÓN | SANEAMENTO EN PENELAS –N-VI EN OUTEIRO DE REI | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 64.000,00 | 30.000,00 | 94.000,00 | | X | |

A Alcaldía do Concello de Outeiro de Rei, a través de escrito de data 8 de maio e 11 de setembro de 2019, respectivamente, solicita unha ampliación do prazo para a execución e xustificación das actuacións descritas, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... falta de autorizacións ... ata os prazos que se sinalan:

| CONCELLO | INVESTIMENTO | NÚM | PRAZO EXECUCIÓN | PRAZO XUSTIFICACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| OUTEIRO DE REI | SANEAMENTO EN PENELAS –N-VI EN OUTEIRO DE REI | 175 | 30-10-2019 | 15-11-2019 |

Concello de Pantón

O Concello de Pantón incluíu ao abeiro do Plan Único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PANTÓN | 181 | IDENTIFICACIÓN | SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN VILAMELLE, INCLUÍDO HONORARIOS | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 106.829,17 | 15.325,21 | 122.154,38 | | X | |

A Alcaldía do Concello de Pantón, a través de escrito de data 06 de setembro de 2019, solicita unha ampliación do prazo para a execución e xustificación das actuacións descritas, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... acaba de ser adxudicada o 22/08/2019 ... ata os prazos que se sinalan:

| CONCELLO | INVESTIMENTO | NÚM | PRAZO EXECUCIÓN | PRAZO XUSTIFICACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| PANTÓN | SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN VILAMELLE, INCLUÍDO HONORARIOS | 181 | 30-11-2019 | 30-11-2019 |

Concello de Pol

O Concello de Pol incluíu ao abeiro do Plan Único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| POL | 218 | IDENTIFICACIÓN | ABASTECEMENTO DE AUGA NA PARROQUIA DE CARAÑO, MOSTEIRO E FRAIALDE | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 59.959,57 | 12.064,70 | 72.024,27 | | | X |

A Alcaldía do Concello de Pol, a través de escrito de data 20 de agosto de 2019, solicita unha ampliación do prazo para a execución e xustificación das actuacións descritas, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica " ... imposibilidade de executar a obra, xa que a brigada municipal dedicouse ao arranxo de diversas avarías na rede de abastecemento de auga municipal... ata os prazos que se sinalan:

| CONCELLO | INVESTIMENTO | NÚM | PRAZO EXECUCIÓN | PRAZO XUSTIFICACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| POL | ABASTECEMENTO DE AUGA NA PARROQUIA DE CARAÑO, MOSTEIRO E FRAIALDE | 218 | 30-11-2019 | 30-11-2019 |

Concello de Castro de Rei

O Concello de Castro de Rei incluíu ao abeiro do Plan Único 2018, logo da modificación aprobada polo Pleno, en sesión ordinaria de data 25 de setembro de 2018 entre outros, o seguinte investimento:

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CASTRO DE REI | 56 | IDENTIFICACIÓN | RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO E CONSTRUCCIÓN DE REDE DE PLUVIAIS NA ESTRADA DO MERCADO GANDEIRO DE CASTRO RIBERAS DE LEA, INCLUÍDO HONORARIOS | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 127.320,17 | 0,00 | 127.320,17 | | X | |

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 22 de abril de 2019, o Concello de Castro de Rei, incluíu no plan único, con cargo a remanentes, o seguinte investimento:

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CASTRO DE REI | REM | IDENTIFICACIÓN | COLECTOR DE ENLACE DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO ENTRE RÚA XOSÉ TRAPERO PARDO E AVDA. DE COSPEITO, INCLUÍDO HONORARIOS FACULTATIVOS | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 34.477,69 | 0,00 | 34.477,69 | | | X |

A Alcaldía do Concello de Castro de Rei, a través de escrito de data 13 de setembro de 2019, solicita unha ampliación do prazo para a execución e xustificación das actuacións descritas, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica " ...

incidencias xurdidas durante a execución e autorizacións previa da Deputación que se recibiu o 11 de setembro... ata os prazos que se sinalan:

| CONCELLO | INVESTIMENTO | NÚM | PRAZO EXECUCIÓN | PRAZO XUSTIFICACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| CASTRO DE REI | RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO E CONSTRUCCIÓN DE REDE DE PLUVIAIS NA ESTRADA DO MERCADO GANDEIRO DE CASTRO RIBERAS DE LEA, INCLUÍDO HONORARIOS | 56 | 30-10-2019 | 15-11-2019 |
| | COLECTOR DE ENLACE DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO ENTRE RÚA XOSÉ TRAPERO PARDO E AVDA. DE COSPEITO, INCLUÍDO HONORARIOS FACULTATIVOS | REM | 30-10-2019 | 15-11-2019 |

Concello de Baleira

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 09 de agosto de 2019, o Concello de Baleira, incluíu no Plan Único, con cargo a remanentes, o seguinte investimento:

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BALEIRA | REM | IDENTIFICACIÓN | MELLORA DE CAMIÑO EN SAN ROMÁN-RETIZÓS | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 14.465,04 | 0,00 | 14.465,04 | | | X |

A Alcaldía do Concello de Baleira, a través de escrito de data 17 de setembro de 2019, solicita unha ampliación do prazo para a execución e xustificación das actuacións descritas, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... incidencias xurdidas durante a execución e autorizacións previa da Deputación que se recibiu o 11 de setembro... ata os prazos que se sinalan:

| CONCELLO | INVESTIMENTO | NÚM | PRAZO EXECUCIÓN | PRAZO XUSTIFICACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| BALEIRA | MELLORA DE CAMIÑO EN SAN ROMÁN-RETIZÓS | REM | 31-10-2019 | 15-11-2019 |

Concello de Navia de Suarna

O Concello de Navia de Suarna incluíu ao abeiro do Plan Único 2018, entre outros, os seguintes investimentos:

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| NAVIA DE SUARNA | 155 | IDENTIFICACIÓN | ACONDICIONAMENTO DA AVENIDA DE GALICIA EN A POBRA DE NAVIA, INCLUÍDO HONORARIOS | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 73.563,04 | 12.064,70 | 85.627,74 | | X | |
| | 161 | IDENTIFICACIÓN | MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN MURIAS DE RAO, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 20.000,00 | 0,00 | 20.000,00 | | X | |

A Alcaldía do Concello de Navia de Suarna, a través de escrito de data 17 de setembro de 2019, solicita unha ampliación do prazo para a execución e xustificación das actuacións descritas, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... incidencias xurdidas durante a execución e autorizacións previa da Deputación que se recibiu o 11 de setembro... ata os prazos que se sinalan:

| CONCELLO | INVESTIMENTO | NÚM | PRAZO EXECUCIÓN | PRAZO XUSTIFICACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| NAVIA DE SUARNA | ACONDICIONAMENTO DA AVENIDA DE GALICIA EN A POBRA DE NAVIA, INCLUÍDO HONORARIOS | 155 | 15-11-2019 | 30-11-2019 |
| | MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN MURIAS DE RAO, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS | 161 | | |

Concello de Palas de Rei

O Concello de Palas de Rei destinou, ao abeiro do Plan Único 2018, para o programa de Fomento do Emprego, a cantidade de 112.152,00€.

A Alcaldía do Concello de Palas de Rei, a través de escrito de data 30 de agosto de 2019, solicita unha modificación do prazo máximo establecido, para a execución e xustificación das contratacións, de xeito que a finalización quede establecido no 20 de novembro de 2019, e a xustificación o 30 de novembro de 2019. Xustifica dita modificación “... non foi posible a cobertura,... a persoa que resultou seleccionada para o posto fixo a renuncia voluntaria...”; ata os prazos que se sinalan:

| CONCELLO | PROGRAMA | PRAZO CONTRATACIÓN | PRAZO XUSTIFICACIÓN |
|---|---|---|---|
| PALAS DE REI | FOMENTO DO EMPREGO | 20-11-2019 | 30-11-2019 |

Neste sentido, consta incorporado ao expediente, informe favorable da Xefa da Sección de Promoción Económica e Emprego, conformado polo Deputado de Promoción Económica e Social, de data 06 de setembro de 2019.

Tendo en conta as solicitudes das Alcaldías dos concellos indicados, así como os motivos que aducen, incorporados ao expediente e o informe favorable da área de Promoción Económica e Social, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, aplicando, no caso do programa de

fomento do emprego, analoxicamente, o establecido na base 21 das bases reguladoras do Plan único 2018, "... excepcionalmente os concellos poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno".

O artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, sinala "… la administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio, o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos…".

Así mesmo, no apartado 3 deste mesmo artigo, indica "… la decisión sobre la ampliación deberán producirse, en todo caso, antes del vencimiento del plazo de que se trate. En ningún caso podrá ser objeto de ampliación un plazo ya vencido". Neste caso o prazo para executar as actuacións vence o 30/09/2019 e o de presentar a xustificación vence o 15-10-2019, non se atopa polo tanto, vencido ningún deles.

Debe ponderarse, para resolver a petición dos Concellos, a competencia e función da cooperación do ente provincial, cos concellos (art. 36 LBRL), así como os principios relacionados no artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, a) servizo efectivo ao cidadán, b) boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a concesión das prórrogas, aos amentados Concellos, para executar e xustificar as actuacións indicadas, incluídas no plan provincial único 2018, ata os prazos solicitados.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º**.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Burela, Cervantes, Cervo, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Ourol, Outeiro de Rei, Pantón, Pol, Castro de Rei, Navia de Suarna e Baleira e Palas de Rei, e en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a execución e xustificación dos investimentos e programa de fomento do emprego, nos termos indicados.

| CONCELLO | INVESTIMENTO | NÚM | PRAZO EXECUCIÓN | PRAZO XUSTIFICACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| BURELA | REMODELACIÓN DO PARQUE DE SUAFONTE | 40 | 30-11-2019 | 30-11-2019 |
| CERVANTES | REXENERACIÓN DE VÍAS MUNICIPAIS EN SAN PEDRO E VILAPÚN, INCLUÍDO HONORARIOS | 64 | 30-10-2019 | 30-10-2019 |
| CERVO | REMODELACIÓN DE RÚA DO FARO, TRAMO ENTRE ROTONDA E ACCESO Á PRAZA DA URBANIZACIÓN DO FARO EN SAN CIBRAO | 70 | 30-11-2019 | 30-11-2019 |
| FOLGOSO DO COUREL | MELLORA DE DÚAS PRAZAS EN SEOANE E MIRAZ | 87 | 15-11-2019 | 15-11-2019 |
| | PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO DE ACCESO A FERREIRÓS DE ABAIXO, P.K 0+000 - 0+137 | 88 | | |
| | PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO DE ACCESO A MOREDA, P.K 0+000 - 0+178 | 89 | | |
| | AFIRMADO DE CAMIÑO DE ACCESO A CAMPA, P.K. 0+000 - 0+250 | 91 | | |
| | PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO EN FOLGOSO, P.K. 0+000 - 0+205 | 92 | | |
| A FONSAGRADA | ACONDICIONAMENTO E DOTACIÓN DE SERVIZOS NA AVDA. DE GALICIA | 94 | 31-10-2019 | 15-11-2019 |
| OUROL | CONSTRUCION DE BADENES REDUCTORES DE VOLCIDADE EN MERILLE E REPARACIÓN E MANTEMENTO DE ACCESOS EN BURGÁS, CERNADO, OUROL E POUSADOIRO-FOLGOSO | REM | 15-11-2019 | 30-11-2019 |
| OUTEIRO DE REI | SANEAMENTO EN PENELAS –N-VI EN OUTEIRO DE REI | 175 | 30-10-2019 | 15-11-2019 |
| PANTÓN | SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN VILAMELLE, INCLUÍDO HONORARIOS | 181 | 30-11-2019 | 30-11-2019 |
| POL | ABASTECEMENTO DE AUGA NA PARROQUIA DE CARAÑO, MOSTEIRO E FRAIALDE | 218 | 30-11-2019 | 30-11-2019 |
| CASTRO DE REI | RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO E CONSTRUCCIÓN DE REDE DE PLUVIAIS NA ESTRADA DO MERCADO GANDEIRO DE CASTRO RIBERAS DE LEA, INCLUÍDO HONORARIOS | 56 | 30-10-2019 | 15-11-2019 |
| | COLECTOR DE ENLACE DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO ENTRE RÚA XOSÉ TRAPERO PARDO E AVDA. DE COSPEITO, INCLUÍDO HONORARIOS FACULTATIVOS | REM | | |
| BALEIRA | MELLORA DE CAMIÑO EN SAN ROMÁN-RETIZÓS | REM | 31-10-2019 | 15-11-2019 |
| NAVIA DE SUARNA | ACONDICIONAMENTO DA AVENIDA DE GALICIA EN A POBRA DE NAVIA, INCLUÍDO HONORARIOS | 155 | 15-11-2019 | 30-11-2019 |
| | MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN MURIAS DE RAO, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS | 161 | | |

| CONCELLO | PROGRAMA | PRAZO CONTRATACIÓN | PRAZO XUSTIFICACIÓN |
|---|---|---|---|
| PALAS DE REI | FOMENTO DO EMPREGO | 20-11-2019 | 30-11-2019 |

**2º**.-Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DO "SERVICIO PARA LA EJECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIONES DE CONSERVACIÓN EN LA RED VIARIA PROVINCIAL 2019-2021". LOTES 1-8. LOTES 1-2.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

"(...)

Por acordo da Xunta de Goberno de data  15 de outubro de 2018, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e o de Prescricións técnicas (PPT), expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 6.472.350,50€, (IVE incluído), desglosado por lotes segundo consta no expediente, correspondente a Servicio para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la Red Viaria Provincial 2019-2021. Lotes 1-8.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 18 de outubro de 22018, abriuse prazo de 30 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación dos referidos servizos por procedemento aberto e mediante tramitación ordinaria. Dito anuncio foi enviado a través da plataforma de contratos do sector público, para a súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea.

O prazo de presentación de ofertas foi suspendido por Resolución da Presidencia, de data 20 de novembro de 2018, publicándose tal circunstancia na plataforma de Contratación do Sector Público. En data 05 de xullo de 2019, a Xunta de Goberno, acordou alzar a suspensión cautelar, publicándose na plataforma de contratos do sector público e fixando o prazo de remate de presentación de ofertas no 30 de xullo de 2019.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 08 de agosto de 2019 deuse conta do informe da Unidade de Rexistro e do Servizo de Contratación, en relación coas empresas presentadas a cada lote, así como as datas na que presentaron as ofertas, á licitación do servizo identificado como Servicio para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la Red Viaria Provincial 2019-2021. Lotes 1-8. 1-8 segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público.

De seguido procedeuse á apertura e exame da documentación administrativa (sobre 1) presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente a cada lote, comprobando que ningunha das empresas se presenta a mais de tres lotes, tal como se indica na cláusula 5 do PCAP. Na apertura dos sobres 1, observouse que nas declaracións responsables achegadas polas empresas, non consta que estean en posesión da clasificación axeitada, polo que a mesa acordou requirilas a todas para que emenden dita declaración responsable (Anexo I), concedéndolles un prazo de tres días hábiles para tal emenda, a acordando igualmente proseguir coa apertura dos sobres 2, condicionando á achega da referida declaración responsable correcta.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do sobre “2”, contendo a proposición para a licitación, co seguinte resultado para cada lote:

Lote 1.- Zona 1.- Servicio para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la Red Viaria Provincial 2019-2021 (O Vicedo, Viveiro, Xove, Burela, Cervo, Ourol, Muras, Xermade e Vilalba)

SERVICIO EXECUCIÓN DIVERSAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN DA RVP 2019-2021

| | | | |
|---|---|---|---|
| ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído) | 793.384,90 | | LOTE 1 |
| VALOR ESTIMADO | 655.690,00 | 137.694,90 | IVE. PARTIDA INDEPEND |
| CLASIFICACION EXIGIDA: | | | |
| PRAZO DE EXECUCION: | 2 ANOS | | |

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | PRECIO (60) | OUTROS (40) | | | | | | | | | | | | CRITERIO DESEMPATE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | PREZO ( IVE incluído .- art 102 ) | VEHICULOS ECOLOXICOS | | | | ASISTENCIA TÉCNICA INSPECCIÓN OBRAS PASO (10) | EXECUCIÓN CUNETA TRIANGULAR (10) | FOMENTO CONTRATACIÓN INDEFINIDA (5) | | | FOMENTO DA CONTRATACIÓN FEMENINA (5) | | | Plantel / Discapacitados |
| | | | | FURGONETA | | FURGÓN | | | | | | | | | | |
| | | | | GLP (2) | ELECTRICO (4) | GLP (3) | ELECTRICO (6) | OPCIÓN (SI/NO) | METROS | TOTAL | INDEFINIDOS | % INDEFINIDOS | TOTAL | FEMENINA | % FEMENINA | |
| 1 | J SANJURJO CONSTRUCCIONES SL | | 753.715,66 € | | X | | X | SI | 4.000,00 | 23 | 4 | 17,39 | 23 | 3 | 13,04 | 23/2 |
| 2 | CONSTRUCCIONES CAZAS SL | | 753.715,66 € | | | | | NO | 300,00 | 12 | 9 | 75,00 | 12 | 2 | 16,67 | 12/0 |
| 3 | CARFERLO SL | | 583.825,00 € | | X | X | | SI | 3.200,00 | 28 | 28 | 100,00 | 28 | 5 | 17,86 | 28/0 |
| 4 | CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL | | 636.294,64 € | | X | | X | SI | 400,00 | 43 | 30 | 69,77 | 43 | 2 | 4,65 | 43/1 |
| 5 | SACYR CONSERVACIÓN SA | | 753.953,69 € | | X | | X | SI | 678,00 | 462 | 298 | 64,50 | 462 | 43 | 9,31 | 462/9 |

Pola mesa obsérvase que a oferta da mercantil SACYR CONSERVACIÓN SA, ten mal sumado o total, habendo 0,01€ de diferenza no IVE. Así mesmo na declaración responsable, referente á contratación feminina indicada pola mercantil CARFERLO SL, figuran tres decimais, polo que se colle soamente dous co seu correspondente redondeo. Este datos cotéxase como consecuencia dunha simple operación matemática.

De seguido procédese, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormal consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS | | | OFERTA |
|---|---|---|---|
| | | | Oferta |
| 1 | J SANJURJO CONSTRUCCIONES SL | | 753.715,66 € |
| 2 | CONSTRUCCIONES CAZAS SL | | 753.715,66 € |
| 3 | CARFERLO SL | | 583.825,00 € |
| 4 | CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL | | 636.294,64 € |
| 5 | SACYR CONSERVACIÓN SA | | 753.953,69 € |

MEDIA
696.300,93

BAIXA DESPROPORCIONADA
626.670,84

10% ARRIBA
765.931,02

A vista do anterior, observase que a oferta presentada pola mercantil CARFERLO SL incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que, a mesa acorda, que polo Servizo de Contratación e Fomento, se tramite a concesión da apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado para que xustifique a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.

Lote 2.- Zona 2.- Servicio para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la Red Viaria Provincial 2019-2021 (O Valadouro, Foz, Alfoz, Barreiros, Lourenzá, Ribadeo, Trabada, Mondoñedo, Abadín, A Pontenova, Riotorto e A Pastoriza).

SERVICIO EXECUCIÓN DIVERSAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN DA RVP 2019-2021

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído) | 876.899,10 | | | LOTE 2 |
| VALOR ESTIMADO | 724.710,00 | 152.189,10 | IVE. PARTIDA INDEPEND | |
| CLASIFICACION EXIGIDA: | | | | |
| PRAZO DE EXECUCION: | 2 ANOS | | | |

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | PRECIO (60) | OUTROS (40) | | | | | | | | | | | | CRITERIO DESEMPATE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | PREZO ( IVE incluído .- art 102 ) | VEHICULOS ECOLOXICOS | | | | ASISTENCIA TÉCNICA INSPECCIÓN OBRAS PASO (10) | EXECUCIÓN CUNETA TRIANGULAR (10) | FOMENTO CONTRATACIÓN INDEFINIDA (5) | | | FOMENTO DA CONTRATACIÓN FEMENINA (5) | | | Plantel / Discapacitados |
| | | | | FURGONETA | | FURGÓN | | | | | | | | | | |
| | | | | GLP (2) | ELECTRICO (4) | GLP (3) | ELECTRICO (6) | OPCIÓN (SI/NO) | METROS | TOTAL | INDEFINIDOS | % INDEFINIDOS | TOTAL | FEMENINA | % FEMININA | |
| 1 | TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL | | 876.899,10 € | | X | | X | SI | 500,00 | 40 | 19 | 47,50 | 40 | 3 | 7,50 | 40-1 |
| 2 | CHOLO SL | | 660.743,44 € | | X | | X | SI | 200,00 | 21 | 5 | 23,81 | 21 | 1 | 4,76 | 21-1 |
| 3 | J SANJURJO CONSTRUCCIONES SL | | 789.209,14 € | | X | | X | SI | 10.000,00 | 23 | 4 | 17,39 | 23 | 3 | 13,04 | 23-2 |
| 4 | CONSTRUCCIONES CAZÁS SL | | 833.054,15 € | | | | | NO | 300,00 | 12 | 9 | 75,00 | 12 | 2 | 16,67 | 12-0 |
| 5 | CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL | | 700.642,34 € | | X | | X | SI | 400,00 | 43 | 30 | 69,77 | 43 | 2 | 4,65 | 43-1 |
| 6 | SACYR CONSERVACIÓN SA | | 832.001,86 € | | X | | X | SI | 871,00 | 462 | 298 | 64,50 | 462 | 43 | 9,31 | 462-9 |

De seguido procédese, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormal consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS | | | OFERTA |
|---|---|---|---|
| | | | Oferta |
| 1 | TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL | | 876.899,10 € |
| 2 | CHOLO SL | | 660.743,44 € |
| 3 | J SANJURJO CONSTRUCCIONES SL | | 789.209,14 € |
| 4 | CONSTRUCCIONES CAZÁS SL | | 833.054,15 € |
| 5 | CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL | | 700.642,34 € |
| 6 | SACYR CONSERVACIÓN SA | | 832.001,86 € |

| MEDIA | NOVA MEDIA |
|---|---|
| 782.091,67 | 763.130,19 |
| BAIXA DESPROPORCIONADA 703.882,50 | NOVA BAIXA 686.817,17 |
| 10% ARRIBA 860.300,84 | |

A vista do anterior, observase que a oferta presentada pola mercantil CHOLO SL incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que, a mesa acorda, que polo Servizo de Contratación e Fomento, se tramite a concesión da apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado para que xustifique a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.

Lote 3.- Zona 3.- Servicio para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la Red Viaria Provincial 2019-2021 (Cospeito, Outeiro de Rei, O Corgo, Baleira, Baralla, Rábade, Meira, Pol, Castro de Rei, Lugo, Castroverde e Láncara)

SERVICIO EXECUCIÓN DIVERSAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN DA RVP 2019-2021

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído) 960.413,30 LOTE 3

VALOR ESTIMADO 793.730,00 166.683,30 IVE. PARTIDA INDEPEND

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION: 2 ANOS

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | PRECIO (60) | OUTROS (40) | | | | | | | | | | | | CRITERIO DESEMPATE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | PREZO ( IVE incluído .- art 102 ) | VEHICULOS ECOLOXICOS | | | | ASISTENCIA TÉCNICA INSPECCIÓN OBRAS PASO (10) | EXECUCIÓN CUNETA TRIANGULAR (10) | FOMENTO CONTRATACIÓN INDEFINIDA (5) | | | FOMENTO DA CONTRATACIÓN FEMENINA (5) | | | Plantel / Discapacitados |
| | | | | FURGONETA | | FURGÓN | | | | | | | | | | |
| | | | | GLP (2) | ELECTRICO (4) | GLP (3) | ELECTRICO (6) | OPCIÓN (SI/NO) | METROS | TOTAL | INDEFINIDOS | % INDEFINIDOS | TOTAL | FEMENINA | % FEMININA | |
| 1 | UTE: OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU - PROBISA VIAS Y OBRAS SLU | | 919.595,74 € | | | | | SI | 500,00 | 210 | 142 | 67,62 | 210 | 19 | 9,05 % | 210-5 |
| 2 | COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES SL | | 823.073,46 € | | X | | X | SI | 405,00 | 862 | 540 | 62,65 | 862 | 92 | 10,67 % | 862-15 |
| 3 | TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL | | 700.141,31 € | | X | | X | SI | 3.200,00 | 40 | 19 | 47,50 | 40 | 3 | 7,50 % | 40-1 |
| 4 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 6.278.179,99 € | | X | | X | SI | 150,00 | 92 | 75 | 81,52 | 92 | 7 | 7,61 % | 92-1 |
| 5 | CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL | | 770.251,44 € | | X | | X | SI | 400,00 | 43 | 30 | 69,77 | 43 | 2 | 4,65 % | 43-1 |

| 1 | CONCELLOS DE O VICEDO, VIVEIRO, XOVE, BURELA, CERVO, OUROL, MURAS, XERMADE E VILALBA | CARFERLO SL, representada por D. Juan Carlos Fernández López | TOTAL: 583.825,00€<br>ANUALIDADES:<br>2019: 56.782,98€<br>2020: 291.912,50€<br>2021: 235.129,52€ | EMPREGO VEHÍCULOS ECOLÓXICOS: FURGÓN (GLP) E FURGONETA (ELÉCTRICA)<br>REALIZACIÓN ASISTENCIA TÉCNICA PARA REALIZACIÓN DE INVENTARIO E INSPECCIÓN BÁSICA DE TODAS OBRAS DE PASO RVP DA ZONA.<br>EXECUCIÓN DE 3.200 M DE CUNETA TRIANGULAR COAS CARACTERÍSTICAS SINALADAS NO PCAP (CLAUSULA 12) |
| 2 | CONCELLOS DE O VALADOURO, FOZ, ALFOZ, BARREIROS, LOURENZÁ, RIBADEO, TRABADA, MONDOÑEDO, ABADÍN, PONTENOVA, RIOTORTO E PASTORIZA | CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL, representada por D. Isidro Otero Bello | TOTAL: 700.642,34€<br>ANUALIDADES:<br>2019: 68.144,67€<br>2020: 350.321,17€<br>2021: 282.176,50€ | EMPREGO VEHÍCULOS ECOLÓXICOS: FURGÓN E FURGONETA ELÉCTRICOS.<br>REALIZACIÓN ASISTENCIA TÉCNICA PARA REALIZACIÓN DE INVENTARIO E INSPECCIÓN BÁSICA DE TODAS OBRAS DE PASO RVP DA ZONA.<br>EXECUCIÓN DE 400 M DE CUNETA TRIANGULAR COAS CARACTERÍSTICAS SINALADAS NO PCAP (CLAUSULA 12) |

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP.

**2º.-** A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 a cantidade de 642.233,67 €, e para a anualidade 2021 a cantidade de 517.306,02 €.

**3º.-** Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

**4º.-** Requirir aos adxudicatarios para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

**5º.-**Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

**6º.-** Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución do servizo deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesmo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

*Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o Concello de Monforte de Lemos para a organización do "Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte" (2019).*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

"Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do Servizo de Turismo que se transcribe: (….)

En relación co escrito, presentado por don José Tomé Roca, en nome e representación do concello de Monforte de Lemos, con data 29/07/19, mediante o cal solicita unha achega ecónomica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público- público) para a realización conxunta polo Concello de Monforte de Lemos e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común da organización do "Festival do Viño da Ribeiras Sacra de Monforte", procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos

A relación interadministrativa de cooperación (público- público) que se pretende coa formalización do convenio no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que "son convenios os acordos con

efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos ( art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns consisten na organización os días 5,6 e 7 de xullo de 23019, no Paseo do Malecón á beira do Rio Cabe, do Festival do Viño da Ribeira Sacra, como capital da Comarca e sede do Consello Regulador. A organización do Festival ademáis do viño como eixe central, inclue actuacións musicais, obradoiros infantís, gastronomia, artesania e a posibilidade de realizar rutas do viño pola Ribeira Sacra. Amenizándose a fin de semana con varias actuacións musicais, e para os mais pequenos organizase varios obradoiros que permitan que se acheguen á artesanía, a gastronomía e incluso á tradición e á

paisaxe. As rutas guiadas pola Ribeira Sacra, permiten o público coñecer de primeira man as adegas, os viñedos, os museos e os catamaráns que surcan o rio Sil.

Efectivamente, da lectura do Convenio interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(…) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións.

O órgano competente para a aprobación do convenio, procede sinalar que lle corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, en base ao establecido no artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 56, de data 10 de marzo de 2011 (aplicable como consecuencia do acordo de conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018), e tendo en conta o establecido na nova Lei de contratos, que fixa o importe dos contratos menores nunha cuantía inferior a 15.000,00€, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 40.000,00 € (31.93%) para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins .

O Concello de Monforte de Lemos pola súa banda efectuará una achega de 85.268,76€ polo 68.07% restante.

Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do "Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a execución dos fins comúns consistentes na organización do Festival do Viño da Ribeiras Sacra de Monforte" (ano 2019). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

De acordo co orzamento presentado polo Concello de Monforte, o importe total do convenio ascende a cantidade de 125.268,76€ co seguinte desglose:

| | |
|---|---|
| Organización e coordinación | 11.809,60€ |
| Adquisición de stands | 17.908,00€ |
| Funcionamento dos stands | 39.320,95€ |
| Seguridade | 4.157,74€ |
| Material para o festival | 9.667,91€ |
| Publicidade | 27.106,74€ |
| Espectáculos | 12.523,50€ |
| Rutas guiadas e actividades | 2.774,32€ |
| TOTAL | 125.268,76€ |

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno de Deputación se adopte o seguinte acordo:

**1º**.- Aprobar o texto do "Convenio interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na organización do "Festival do Viño da Ribeiras Sacra de Monforte" (2019) por un importe de 125.268,76 €.

**2º**.- Aprobar o gasto de 40.000,00 €, distribuído con cargo ás aplicacións orzamentarias 4320,46200 o importe de 22.092,00€, e na aplicación 4320.76200 o importe de 17.908,00€, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor do Concello de Monforte de Lemos, para sufragar os gastos derivados do "Festival do Viño da Ribeiras Sacra de Monforte" (2019)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS SOBRE O DOCUMENTO DE DATA MAIO DE 2019 DO "PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE FOLGOSO DO COUREL".**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"En relación co escrito de 7/06/2019 do Concello de Folgoso do Courel solicitando informe sectorial sobre o documento de "Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Folgoso do

Courel” con data de redacción Maio 2019 e sinatura electrónica do director do equipo redactor de data 28/05/2019, visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 2 de agosto de 2019 que di:

Antecedentes e obxecto

O presente informe ten carácter sectorial de estradas e emítese de acordo ás disposicións contidas na vixente redacción da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG 8/2013) e do Regulamento xeral de estradas de Galicia aprobado por Decreto 66/2016, de 26 de maio (RXEG 66/2016), sen prexuízo doutros informes que sobre aspectos urbanístico, ambiental ou xurídico puideran emitir outros servizos desta Deputación.

Mediante escrito de 13/02/2015 o Concello presentou un documento do PXOM redactado en Maio 2014 sobre o que este Servizo redactou Informe de data 13/03/2015 que foi aprobado pola Xunta de Goberno desta Deputación en sesión celebrada en 10/04/2015 e notificado ao Concello mediante escrito de 4/05/2015, no que se indicaban a documentación e as modificacións que se consideraba necesario introducir para poder emitir un informe sectorial de estradas de carácter favorable a dito planeamento.

Mediante escrito de 19/10/2018 o Concello remitiu un exemplar en soporte papel e CD dun documento titulado “Contestación ó informe de estradas provinciais do 15 de marzo de 2015– PXOM Folgoso do Courel”, de data Xuño 2018, no que se expresaban as modificacións requiridas aínda que con carácter de documento separado, sen incluír o documento completo da nova redacción do PXOM que acreditase a efectiva integración de tales modificacións no documento obxecto de informe sectorial.

Tal feito púxose en coñecemento do equipo redactor e deu lugar á remisión polo Concello dos escritos de 12/04/2019 e de 7/06/2019 con presentación de dous documentos co mesmo título do anterior e o engadido de “Subsanación de erros”, de datas Abril e Maio respectivamente, o último dos cales é obxecto do presente informe sectorial de estradas desta Deputación.

No presente informe comezarase por expoñer e xustificar de xeito resumido os criterios xerais que se considera que deben aplicarse aos treitos urbanos das estradas provinciais con

carácter xeral para a súa aplicación aos terreos situados nas marxes das vías provinciais, realizando despois a análise do documento presentado en canto ao establecemento e documentación das aliñacións por referencia ás prescricións detalladas nos anteriores informes emitidos, así como ás derivadas da posterior entrada en vigor da LSG 2/2016 e do RXEG 66/2016.

Criterios xerais de aplicación ao sistema viario provincial

Normativa sectorial de aplicación

Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG 8/2013)

Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016).

Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG 66/2016) aprobado por Decreto 66/2016, de 26 de maio.

A regulación das vías provinciais debe facerse por referencia á Lei 8/2013 de estradas de Galicia, estando o seu réxime xeral vixente contido esencialmente nos seguintes artigos:

Treitos urbanos

Para os efectos desta lei, considerase treito urbano dunha estrada aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose sometido a informe favorable, conforme esta lei, pola administración titular da estrada.

Travesías

Para os efectos desta lei, considérase travesía o treito dunha estrada no que, discorrendo por solo clasificado como urbano, existen edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación. (Ver art. 14 RXEG 66/2016).

Coordinación co planeamento urbanístico

Nos supostos de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten ás estradas existentes ou ás actuacións previstas nos plans de estradas vixentes, o concello remitirá, con posterioridade á súa aprobación inicial, o correspondente documento ás administracións titulares das estradas afectadas para que o informen.

O informe terá carácter vinculante e deberá ser emitido no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderase favorable.

No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente, se é o caso, as normas vulneradas.

Nos treitos urbanos das estradas, o instrumento de planeamento urbanístico determinará a aliñación de edificación, que poderá fixarse, de xeito motivado, a unha distancia inferior á que prevé a lei con carácter xeral para a liña límite de edificación das estradas, valorando a existencia de edificacións continuadas preexistentes, así como a concorrencia de razóns técnicas, socioeconómicas ou de orografía do terreo que poidan aconsellar a redución.

Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación.

Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

Delimitación da liña límite de edificación

A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

Cincuenta metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóbiles.

Quince metros no caso de estradas convencionais e elementos funcionais.

No caso de que unha administración teña aprobado o catálogo de da súa rede e nel se categoricen funcionalmente as estradas en rede estructurante, rede complementaria e rede local, segundo o establecido no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a 15 metros no caso das estradas da rede estructurante e da rede complementaria e a 7 metros para as estradas da rede local. (Redacción segundo o artigo 15 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

Réxime xeral e competencia

A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección correspóndelle á administración titular da estrada.

Disposición adicional primeira. Edificacións, instalacións e peches preexistentes

Nas edificacións, instalacións e peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada e a liña límite de edificación poderanse autorizar, no que á lexislación sectorial en materia de estradas se refire, e sempre que quede garantida a seguridade viaria na estrada e nos seus accesos e non se produza cambio de uso nin incremento de volume edificado, por encima ou por debaixo da rasante do terreo:

Con carácter xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

Excepcionalmente, obras de rehabilitación estrutural, naqueles supostos de interese público ou social, así cualificados.

Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG 66/2016):

Competencia

Considérase que as autorizacións de acceso á estrada ou aos seus elementos funcionais afectan directamente ás súas calzadas e, en consecuencia, o outorgamento das autorizacións corresponde, en todos os casos, á Administración titular da estrada.

Liña límite de edificación, solo rústico de protección de infraestruturas de comunicación e solo urbanizable

A anterior redacción do artigo 41.1 da LEG 8/2013 establecía que a liña límite de edificación nas vías provinciais discorre paralela ás liñas exteriores de delimitación da calzada a unha distancia de 15 metros. Dadas as características da sección tipo das vías provinciais e a escala dos Planos, considerábase que o criterio xeral homoxéneo de replanteo sobre o terreo de tal liña límite de edificación en solos rústico e urbanizable se considera equivalente a dúas liñas paralelas a 18 metros de distancia do eixe.

A modificación introducida pola Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, xunto co acordo adoptado polo Pleno desta Deputación en sesión de 30/04/2019 clasificando as estradas como Rede Local, determina o establecemento actual da liña límite de edificación á distancia de 7 m desde o borde exterior de calzada e resultando a distancia non inferior a 10 m do eixe de calzada, con carácter xeral para as estradas de titularidade desta Deputación.

O artigo 38 da LEG 8/2013 cualifica como zonas de protección do dominio público viario as zonas de servidume e afección que se estenden, segundo o artigo 40, a dúas franxas de terreo de 30 metros de anchura medidos desde as arestas exteriores da explanación da estrada o que, dada a previsible irregularidade de trazado en planta da aresta exterior de explanación, se considera equivalente ao criterios xeral homoxéneos de replanteo para as vías provinciais de franxas de terreo de 32 metros de ancho a cada lado do borde de calzada ou de 35 m de distancia do eixe da vía.

As zonas de dominio público e de protección deberán clasificarse como solo rústico de especial protección de infraestruturas se están clasificados como rústico previamente e non incorporándose a sectores de solo urbanizable, conforme establece o artigo 60.2.d) Informe en

materia de estradas sobre o planeamento urbanístico do Decreto 66/2016 do RXEG, en coherencia co disposto no artigo 34. Solo rústico de especial protección da vixente Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016).

Por outra banda, o RXEG 66/2016 establece no seu artigo 64. Coordinación cos desenrolos urbanísticos:

Cando con motivo da redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento pasen a clasificarse como urbanizables terreos adxacentes ás estradas, destinaranse ao sistema xeral viario, incluíndoos como parte do sector do solo urbanizable, os terreos comprendidos entre a liña exterior da zona de dominio público e a liña límite de edificación.

No instrumento de planeamento preverase a obtención deses terreos por parte da Administración titular da estrada mediante cesión obrigatoria u ocupación directa nos termos previstos na lexislación autonómica en materia de ordenación urbanística (artigo 23.4 LEG).

Anchuras de viario en solo de núcleo rural

A efectos da fixación da anchura mínima necesaria entre liñas límite de edificación para o viario de titularidade provincial que discorra por tramos de solo clasificado como de núcleo rural este Servizo de Vías e Obras considera, por razóns técnicas de carácter xeral, que a banda de protección destinada ao viario debera alcanzar polo menos unha anchura desexable de 16 metros que permitira a implantación da seguinte semi-sección tipo:

| | |
|---|---|
| Carril de calzada: | 3,50 m. |
| Beiravía: | 0,50 m. |
| Banda de aparcamento: | 2,00 m. |
| Beirarrúa: | 2,00 m. |
| Semiancho do vial: | 8,00 m. |

Esta anchura de vía de 16 metros é concordante coa establecida no artigo 48.2 Normas de calidade urbana, da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio

rural de Galicia (LOUG 9/2002) como mínima para os viarios principais de nova apertura nas clases de solo urbano non consolidado e urbanizable, e permite o cumprimento do disposto na Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia en canto a ancho de beirarrúas peonís, capaces tamén de acoller a implantación dos servizos urbanísticos.

O valor mínimo xeral de recuado frontal que debe gardar a liña de fachada respecto á aliñación oficial de viario se consideraba de 3,- m en solo de núcleo rural, tendo en conta que a LOUG9/2002 establecía un recuamento mínimo de 5,- m en solo rústico, para a aplicación á ordenación de tipoloxía de edificación unifamiliar exenta que é a xeral nos núcleos rurais sen prexuízo da existencia de posibles excepcións, resultando entón a aliñación de fachada situada como mínimo a 11,- m. do eixe da vía. En aplicación da modificación introducida pola Lei 3/2018 e o acordo do Pleno desta Deputación de 30/04/2019 que fixou a liña límite de edificación a distancia non inferior a 10 m do eixe, se considera que procede reducir tamén o recuamento mínimo de 3 a 2 m, co que resulta a aliñación xeral homoxénea de edificación á distancia de 10 m do eixe de calzada.

O recuamento da edificación resulta conveniente en zonas non urbanizadas tanto por razóns de seguridade viaria como co fin de dispoñer dunha banda de terreo que permita unha transición gradual entre a cota á que se sitúa a edificación sobre o terreo natural e a cota correspondente á rasante da estrada, que será tamén a da aliñación pública da vía, cotas de nivel que poden diferir debido ao relevo ondulado ou accidentado do terreo.

Sen prexuízo do anterior poderán resultar xustificables en solo de núcleo rural, polas razóns previstas no artigo 23.3 da LEG 8/2013, as propostas de aliñacións de viario con semiancho igual ou superior a 6,- m que resultan da supresión dunha ou as dúas bandas de aparcamento posibles e que permiten acoller o carril de circulación de 3,50 m de ancho, a beiravía de 0,50 m e a beirarrúa de 2,- m, así como a posible redución ou supresión do recuamento da edificación en ordenación aliñada coa vía.

As propostas de semiancho de viario non inferior a 5,- m, con valores non inferiores de 3,- m carril de circulación e de 2,- m de beirarrúa, poderán ser susceptibles de xustificación por razóns

obxectivas de consolidación de aliñacións por existencia de beirarrúas públicas ou edificacións continuadas, así como situación en núcleo rural tradicional, relevo de terreo moi accidentado ou valor de patrimonio cultural.

Poderá xustificarse a proposta dun semiancho inferior a 5 m do eixe actual si se prevé a súa compensación cun aumento correlativo do semiancho da outra marxe hasta conseguir un ancho viario total superior a 12 m, coa correspondente definición xeométrica do novo eixe viario resultante que xustifique unhas características de trazado aceptables.

No caso de que o ancho total entre aliñacións oficiais de viario resultara inferior a 10,- m deberá estudarse unha posible alternativa viaria para manter a continuidade do itinerario da vía provincial ou propoñer a transferencia de titularidade do treito viario que tivera carácter terminal ou urbano conforme ao previsto no RXEG 66/2016.

Anchuras de viario en solo urbano

Polas mesmas razóns técnicas expostas para o solo de núcleo rural, nos tramos de vías provinciais que descorran por solo urbano non consolidado se consideraban desexables con carácter xeral as aliñacións de viario con semiancho igual ou superior a 8,- m e recuamento frontal de fachada de 2,- m respecto á aliñación oficial de viario, resultando a aliñación oficial homoxénea de edificación con carácter xeral á distancia de 10 m do eixe.

A densidade edificatoria propia do solo urbano consolidado permite considerar xenericamente admisibles nel as propostas de aliñacións de viario con semiancho igual ou superior a 6,- m que resultan da supresión dunha ou as dúas bandas de aparcamento posibles e que permiten acoller o carril de circulación de 3,50 m de ancho, a beiravía de 0,50 m e a beirarrúa de 2,- m, así como a eventual supresión do recuamento.

Se considera tamén xustificable o valor de semiancho mínimo estrito de 5 m previsto no apartado anterior para núcleo rural tradicional, nos ámbitos correspondentes a solo urbano de casco histórico, patrimonio cultural ou terreo accidentado, ou por outras condicións concretas xustificadas en coherencia coa ordenación adoptada no ámbito.

Aspectos documentais

Será obxecto de informe sectorial o documento completo do instrumento de planeamento. Si se presentase en formato dixital CD deberá ser autenticado mediante firma electrónica que permita garantir a integridade e a data da edición correspondente.

Nos Planos de Ordenación dos treitos en solo urbano de vías provinciais se grafarán o código da vía e as aliñacións oficiais de viario e edificación adoptadas en caso de non coincidir. O plano deberá contar con data de redacción e escala gráfica non inferior a 1:2.000, e no tramo afectado se sinalará o eixe da vía con acotación dos valores do semiancho de viario adoptados para cada marxe dende o eixe hasta a correspondente aliñación de viario xunto cos valores mínimos en caso de semiancho variable, e do recuamento que se establecera hasta a aliñación de edificación proposta.

Os Planos de Ordenación que afecten a treitos de vías provinciais en solo urbano e de núcleo rural dos que se solicitase o recoñecemento e delimitación a efectos do previsto no artigo 62 do RXEG 66/2016 deberán presentarse en soporte papel e arquivos dwg ou shp ou dxf, ademais do documento de planeamento completo pdf con sinatura dixital.

O documento de planeamento que se remitira para novo informe sectorial deberá acompañarse dun escrito do equipo redactor coa referencia de “Contestación ao Informe do Servizo de Vías e Obras de data...” no que se relacione o contido e o alcance das modificacións que se introduciran respecto ao documento primitivo derivadas do presente informe.

Consideracións sobre o documento presentado

A continuación analízase a documentación presentada en relación co disposto no Artigo 60. Informe en materia de estradas sobre o planeamento urbanístico do vixente Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG) aprobado por Decreto 66/2016, de 26 de maio, e co expresado nos anteriores informes deste Servizo de Vías e Obras.

Identificación da Rede viaria provincial e dos núcleos rurais afectados

Nos apartados 8. Estado actual da rede viaria do termo municipal e 16.1. Sistema xeral de comunicación viaria e a súa zona de protección da Memoria descritiva e xustificativa figura unha relación na que se enumeran as vías provinciais cos correspondentes códigos e denominacións suficientes para a súa identificación descritiva, cuxo trazado se reflicte no Plano de Información 5.7 de Estrutura Xeral e Orgánica do Territorio.

No apartado 18.4. A ordenación dos núcleos rurais. Sistema viario e estrutura dos núcleos figuran recollidos na Táboa 18.4.1 os datos correspondentes aos núcleos rurais atravesados polas estradas provinciais, con indicación do seu nome, código, estrada provincial na que se sitúan, referencia ao seu Plano de ordenación no PXOM así como ao carácter xeral ou excepcional en canto ao semiancho de aliñacións adoptado, xunto cun cadro resumo de xustificación das aliñacións excepcionais proxectadas por causa de aliñacións consolidadas, orografía do terreo ou elementos catalogados do patrimonio cultural, en aplicación das razóns técnicas previstas no artigo 23.3 da LEG 8/2013.

A continuación enuméranse os treitos urbanos de solo de núcleo rural correspondentes ás estradas de titularidade desta Deputación:

| Estrada Provincial | Núcleos Rurais |
|---|---|
| LU-P-1301: | Seoane. Vilela. Piñeira. |
| LU-P-1303: | Seoane. Visuña. |
| LU-P-1304: | Millares. Romeor. O Castro de Romeor. |
| LU-P-1305: | Vidallón. Vilar. |
| LU-P-1306: | Sobredo. Seceda. |
| LU-P-4501: | Teixeira. |
| LU-P-4701: | O Mazo Santigoso. Froxán. Vilamor. Baldomir. |
| LU-P-5004: | Ferramulín. |
| LU-P-5601: | Pedrafita do Courel. Paderne. Miraz. Vilasibil. Meiraos. |

Clasificación e ordenación urbanística da zona de influencia da rede viaria

O trazado de ditas vías provinciais figura nos Planos de Ordenación 6.1. Director de Clasificación do Solo, 6.2 Estrutura do Territorio e nas follas E. 1:5.000 dos Planos de Ordenación 6.4, nas que grafítase a clasificación como solo rústico de protección de infraestruturas (SRPI) das zonas de dominio público e de protección das estradas provinciais, así como as liñas de afección e a liña límite de edificación das estradas provinciais segundo á definición das mesmas contida na LEG 8/2013 e en coherencia co disposto no artigo 34. Solo rústico de especial protección da vixente Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016).

O trazado das vías provinciais afecta aos núcleos rurais que figuran relacionados no apartado 18.4 da Memoria e no Plano 1. Guía Xeral de Estradas Provinciais E. 1:30.000, o cal inclúese na Separata de Contestación redactada en Maio 2019, aínda que non figura incorporado ao PXOM cuxa edición de Maio 2019 facilitada en CD asinado en 28/05/2019 é obxecto do presente informe sectorial.

Na documentación gráfica do PXOM figuran as follas de Planos de Ordenación de Núcleos Rurais a escala 1/2.000 para cada un dos núcleos rurais mencionados nos que figuran marcadas as aliñacións dos treitos afectados das estradas provinciais, as cales se consideran conformes aos criterios contidos nos anteriores informes deste Servizo pois fíxanse as aliñacións de viario e edificación con carácter xeral a distancias respectivas de 8 e 11 metros do eixe da vía e, aínda que tales distancias pode verse reducida nos tramos en que existen edificacións continuadas a distancia inferior nunha das marxes, conséguese que o ancho total entre as aliñacións de viario das dúas marxes non resulte inferior a 10 m con cargo ao ancho suficiente do que se dispón na outra marxe.

No artigo 200 da Normativa Urbanística establécense as condicións esixibles nas marxes dos treitos urbanos das estradas de titularidade provincial, que considéranse correctas e entre as que figura que as actuacións de edificacións ou peches que se sitúen máis lonxe da estrada que as respectivas aliñacións oficiais poderán ser autorizadas directamente polo Concello previo recoñecemento expreso dos treitos urbanos por esta Deputación.

Neste senso cabe sinalar que, en virtude da aplicación xeral da vixente lexislación sectorial de estradas que se recolle expresamente no apartado 1 de dito artigo 200, debe interpretarse o contido gráfico e normativo do PXOM segundo a redacción “actualmente vixente” de tales disposicións, con aplicación da modificación por redución de 15 a 7 m do borde de calzada e a 10 m do eixe para a liña límite de edificación en solo rústico, derivada da Lei 3/2018 e do acordo plenario desta Deputación de 30/04/2019; xunto coa correlativa redución implícita de 11 a 10 m do eixe no semiancho da aliñación xeral de edificación en solo de núcleo rural.

Considéranse de especial transcendencia as implicacións que se derivan do disposto en canto a autorizacións de acceso no RXEG 66/2016, en particular nos seus artigos 113, 127 a 132 e 137, aspectos que non só se refiren á implantación de novos accesos senón tamén á modificación das características dun acceso existente necesarias para unha eventual parcelación, segregación ou cambio de uso dun predio ou edificación, salvo que dispuxera dun acceso alternativo que non afecte á estrada provincial.

Carácter do informe e alcance do recoñecemento de treitos urbanos

Polas razóns expostas se considera que o documento do PXOM de Maio 2019 remitido polo Concello coa sinatura dixital do seu autor de data 28/05/2019 reúne os requisitos esixidos de conter a clasificación, cualificación e ordenación urbanística dos terreos situados na zona de dominio público e nas zonas de protección das vías provinciais garantindo o respecto das limitacións á propiedade reguladas na lei e regulamento de estradas de Galicia, polo que proponse emitir informe sectorial de carácter favorable a efectos de continuar o procedemento de aprobación do PXOM.

O artigo 62 do RXEG 66/2016 dispón que a delimitación dos treitos urbanos require o previo informe favorable ao instrumento de planeamento pola administración titular das estradas con inclusión dun pronunciamento expreso e concreto ao respecto, e que só terá efectos no momento no que o instrumento de planeamento entre en vigor.

Dado o carácter favorable do presente informe e que no anterior apartado 3.1 deste recóllese a relación concreta dos treitos urbanos de estradas provinciais, considérase que procede o recoñecemento expreso e concreto de ditos treitos urbanos.

Posto que os efectos do recoñecemento dos treitos urbanos quedan diferidos ao momento no que o instrumento de planeamento entre en vigor, considérase que debera condicionarse a efectividade de tal recoñecemento dos treitos urbanos a que o Concello notifique a esta Deputación a entrada en vigor do PXOM e aporte un exemplar en soporte CD asinado dixitalmente polo Concello que conteña os arquivos pdf do documento do PXOM definitivamente aprobado. Tamén deberá aportar, en aplicación do disposto no artigo 210. Instrumentos formais do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, un CD cos arquivos en formato vectorial dwg, shp ou dxf correspondentes aos Planos de Ordenación dos treitos urbanos de estradas provinciais que permita a consulta gráfica de distancias.

A recepción e aprobación por esta Deputación de ditos documentos permitirá validar que as determinacións do documento do PXOM que entre en vigor son conformes ás contidas no documento de data Maio 2019 asinado dixitalmente en 28/05/2019 polo seu autor que é obxecto do presente informe favorable, e dar inicio aos efectos da súa aplicación aos treitos urbanos das vías provinciais".

Por todo o que antecede, aos efectos da Lei 8/2013 de estradas de Galicia e no que se refire ás vías de titularidade desta Deputación, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Emitir informe sectorial favorable ao documento do "Plan Xeral de Ordenación Municipal de Folgoso do Courel" de data Maio de 2019 presentado polo Concello en soporte CD con sinatura electrónica do director do equipo redactor de data 28/05/2019.

**2º.-** Emitir informe favorable ao recoñecemento da delimitación dos treitos urbanos de vías provinciais relacionados neste informe, que só terá efectos unha vez que o instrumento de planeamento entre en vigor e quedará condicionado á validación da documentación a presentar polo Concello en tal momento.

**3º**.- Notificar o presente acordo ao Concello de Folgoso do Courel".

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS SOBRE O DOCUMENTO DE DATA XUÑO DE 2019 DO "PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE NAVIA DE SUARNA".

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"En relación co escrito de 18/07/2019 do Concello de Navia de Suarna solicitando informe sectorial sobre o documento de "Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Navia de Suarna", remitido en soporte CD con data de redacción Xuño 2019 e sinatura electrónica do director do equipo redactor de data 2/07/2019, visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 2 de agosto de 2019 que di:

Antecedentes e obxecto

O presente informe ten carácter sectorial de estradas e emítese de acordo ás disposicións contidas na vixente redacción da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG 8/2013) e do Regulamento xeral de estradas de Galicia aprobado por Decreto 66/2016, de 26 de maio (RXEG 66/2016), sen prexuízo doutros informes que sobre aspectos urbanístico, ambiental ou xurídico puideran emitir outros servizos desta Deputación.

Mediante escrito de 14/07/2014 o Concello presentou un documento do PXOM redactado en Marzo de 2014 sobre o que este Servizo redactou Informe de data 22/09/2014 que foi aprobado pola Xunta de Goberno desta Deputación en sesión celebrada en 3/10/2014 e notificado ao Concello mediante escrito de 17/10/2014, no que se indicaban a documentación e as modificacións que se consideraba necesario introducir para poder emitir un informe sectorial de estradas de carácter favorable a dito planeamento.

Mediante escrito de 29/03/2019 o Concello remitiu un exemplar en soporte papel e CD dun documento de data Febreiro 2019 e titulado “Contestación ó informe de estradas provinciais do 22 de setembro de 2014 – PXOM Navia de Suarna” no que se incluían as modificacións requiridas, aínda que con carácter de documento separado e sen aportar o documento completo da nova redacción do PXOM que permitise acreditar a efectiva integración de tales modificacións no documento obxecto de informe sectorial.

Tal feito púxose en coñecemento do equipo redactor e deu lugar á remisión polo Concello do escrito de 18/07/2019 con presentación dun documento co mesmo título de “Contestación...” que o arriba mencionado, pero con data de redacción Xullo 2019 e co engadido ao título “Subsanación Erros Xullo 2019”, así como dun documento completo do PXOM de data Xuño 2019, o cal é obxecto do presente informe sectorial.

No presente informe comezarase por expoñer e xustificar de xeito resumido os criterios xerais que se considera que deben aplicarse aos treitos urbanos das estradas provinciais con carácter xeral para a súa aplicación aos terreos situados nas marxes das vías provinciais, realizando despois a análise do documento presentado en canto ao establecemento e documentación das aliñacións por referencia ás prescricións detalladas nos anteriores informes emitidos, así como ás derivadas da posterior entrada en vigor da LSG 2/2016 e do RXEG 66/2016.

Criterios xerais de aplicación ao sistema viario provincial

Lexislación sectorial aplicable

Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG 8/2013)

Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016).

Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG 66/2016) aprobado por Decreto 66/2016, de 26 de maio.

A regulación das vías provinciais debe facerse por referencia á Lei 8/2013 de estradas de Galicia, estando o seu réxime xeral vixente contido esencialmente nos seguintes artigos:

Treitos urbanos

Para os efectos desta lei, considerase treito urbano dunha estrada aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose sometido a informe favorable, conforme esta lei, pola administración titular da estrada.

Travesías

Para os efectos desta lei, considérase travesía o treito dunha estrada no que, discorrendo por solo clasificado como urbano, existen edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación. (Ver art. 14 RXEG 66/2016).

Coordinación co planeamento urbanístico

Nos supostos de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten ás estradas existentes ou ás actuacións previstas nos plans de estradas vixentes, o concello remitirá, con posterioridade á súa aprobación inicial, o correspondente documento ás administracións titulares das estradas afectadas para que o informen.

O informe terá carácter vinculante e deberá ser emitido no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderase favorable.

No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente, se é o caso, as normas vulneradas.

Nos treitos urbanos das estradas, o instrumento de planeamento urbanístico determinará a aliñación de edificación, que poderá fixarse, de xeito motivado, a unha distancia inferior á que prevé a lei con carácter xeral para a liña límite de edificación das estradas, valorando a existencia

de edificacións continuadas preexistentes, así como a concorrencia de razóns técnicas, socioeconómicas ou de orografía do terreo que poidan aconsellar a redución.

Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación

Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

Delimitación da liña límite de edificación

A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

Cincuenta metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóbiles.

Quince metros no caso de estradas convencionais e elementos funcionais.

No caso de que unha administración teña aprobado o catálogo de da súa rede e nel se categoricen funcionalmente as estradas en rede estruturante, rede complementaria e rede local, segundo o establecido no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a 15 metros no caso das estradas da rede estruturante e da rede complementaria e a 7 metros para as estradas da rede local. (Redacción segundo o artigo 15 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

Réxime xeral e competencia

A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección correspóndelle á administración titular da estrada.

Disposición adicional primeira. Edificacións, instalacións e peches preexistentes

Nas edificacións, instalacións e peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada e a liña límite de edificación poderanse autorizar, no que á lexislación sectorial en materia de estradas se refire, e sempre que quede garantida a seguridade viaria na estrada e nos seus accesos e non se produza cambio de uso nin incremento de volume edificado, por encima ou por debaixo da rasante do terreo:

Con carácter xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

Excepcionalmente, obras de rehabilitación estrutural, naqueles supostos de interese público ou social, así cualificados.

Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG 66/2016):

Competencia

Considérase que as autorizacións de acceso á estrada ou aos seus elementos funcionais afectan directamente ás súas calzadas e, en consecuencia, o outorgamento das autorizacións corresponde, en todos os casos, á Administración titular da estrada.

Liña límite de edificación, solo rústico de protección de infraestruturas de comunicación e solo urbanizable

A anterior redacción do artigo 41.1 da LEG 8/2013 establecía que a liña límite de edificación nas vías provinciais discorre paralela ás liñas exteriores de delimitación da calzada a unha distancia de 15 metros. Dadas as características da sección tipo das vías provinciais e a escala dos Planos, considerábase que o criterio xeral homoxéneo de replanteo sobre o terreo de tal liña límite de edificación en solos rústico e urbanizable se considera equivalente a dúas liñas paralelas a 18 metros de distancia do eixe.

A modificación introducida pola Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, xunto co acordo adoptado polo Pleno desta Deputación en sesión de 30/04/2019 clasificando as estradas como Rede Local, determina o establecemento actual da liña límite de edificación á distancia de 7 m desde o borde exterior de calzada e resultando a distancia non inferior a 10 m do eixe de calzada, con carácter xeral para as estradas de titularidade desta Deputación.

O artigo 38 da LEG 8/2013 cualifica como zonas de protección do dominio público viario as zonas de servidume e afección que se estenden, segundo o artigo 40, a dúas franxas de terreo de 30 metros de anchura medidos desde as arestas exteriores da explanación da estrada o que, dada a previsible irregularidade de trazado en planta da aresta exterior de explanación, se considera equivalente ao criterios xeral homoxéneos de replanteo para as vías provinciais de franxas de terreo de 32 metros de ancho a cada lado do borde de calzada ou de 35 m de distancia do eixe da vía.

As zonas de dominio público e de protección deberán clasificarse como solo rústico de especial protección de infraestruturas se están clasificados como rústico previamente e non incorporándose a sectores de solo urbanizable, conforme establece o artigo 60.2.d) Informe en materia de estradas sobre o planeamento urbanístico do Decreto 66/2016 do RXEG, en coherencia co disposto no artigo 34. Solo rústico de especial protección da vixente Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016).

Por outra banda, o RXEG 66/2016 establece no seu artigo 64. Coordinación cos desenrolos urbanísticos:

Cando con motivo da redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento pasen a clasificarse como urbanizables terreos adxacentes ás estradas, destinaranse ao sistema xeral viario, incluíndoos como parte do sector do solo urbanizable, os terreos comprendidos entre a liña exterior da zona de dominio público e a liña límite de edificación.

No instrumento de planeamento preverase a obtención deses terreos por parte da Administración titular da estrada mediante cesión obrigatoria u ocupación directa nos termos previstos na lexislación autonómica en materia de ordenación urbanística (artigo 23.4 LEG).

Anchuras de viario en solo de núcleo rural

A efectos da fixación da anchura mínima necesaria entre liñas límite de edificación para o viario de titularidade provincial que discorra por tramos de solo clasificado como de núcleo rural este Servizo de Vías e Obras considera, por razóns técnicas de carácter xeral, que a banda de protección destinada ao viario debera alcanzar polo menos unha anchura desexable de 16 metros que permitira a implantación da seguinte semi-sección tipo:

| | |
|---|---|
| Carril de calzada: | 3,50 m. |
| Beiravía: | 0,50 m. |
| Banda de aparcamento: | 2,00 m. |
| Beirarrúa: | 2,00 m. |
| Semiancho do vial: | 8,00 m. |

Esta anchura de vía de 16 metros é concordante coa establecida no artigo 48.2 Normas de calidade urbana, da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG 9/2002) como mínima para os viarios principais de nova apertura nas clases de solo urbano non consolidado e urbanizable, e permite o cumprimento do disposto na Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia en canto a ancho de beirarrúas peonís, capaces tamén de acoller a implantación dos servizos urbanísticos.

O valor mínimo xeral de recuado frontal que debe gardar a liña de fachada respecto á aliñación oficial de viario se consideraba de 3,- m en solo de núcleo rural, tendo en conta que a LOUG9/2002 establecía un recuamento mínimo de 5,- m en solo rústico, para a aplicación á ordenación de tipoloxía de edificación unifamiliar exenta que é a xeral nos núcleos rurais sen prexuízo da existencia de posibles excepcións, resultando entón a aliñación de fachada situada como mínimo a 11,- m. do eixe da vía. En aplicación da modificación introducida pola Lei 3/2018 e o acordo do Pleno desta Deputación de 30/04/2019 que fixou a liña límite de edificación a distancia non inferior a 10 m do eixe, se considera que procede reducir tamén o recuamento

mínimo de 3 a 2 m, co que resulta a aliñación xeral homoxénea de edificación á distancia de 10 m do eixe de calzada.

O recuamento da edificación resulta conveniente en zonas non urbanizadas tanto por razóns de seguridade viaria como co fin de dispoñer dunha banda de terreo que permita unha transición gradual entre a cota á que se sitúa a edificación sobre o terreo natural e a cota correspondente á rasante da estrada, que será tamén a da aliñación pública da vía, cotas de nivel que poden diferir debido ao relevo ondulado ou accidentado do terreo.

Sen prexuízo do anterior poderán resultar xustificables en solo de núcleo rural, polas razóns previstas no artigo 23.3 da LEG 8/2013, as propostas de aliñacións de viario con semiancho igual ou superior a 6,- m que resultan da supresión dunha ou as dúas bandas de aparcamento posibles e que permiten acoller o carril de circulación de 3,50 m de ancho, a beiravía de 0,50 m e a beirarrúa de 2,- m, así como a posible redución ou supresión do recuamento da edificación en ordenación aliñada coa vía.

As propostas de semiancho de viario non inferior a 5,- m, con valores non inferiores de 3,- m carril de circulación e de 2,- m de beirarrúa, poderán ser susceptibles de xustificación por razóns obxectivas de consolidación de aliñacións por existencia de beirarrúas públicas ou edificacións continuadas, así como situación en núcleo rural tradicional, relevo de terreo moi accidentado ou valor de patrimonio cultural.

Poderá xustificarse a proposta dun semiancho inferior a 5 m do eixe actual si se prevé a súa compensación cun aumento correlativo do semiancho da outra marxe hasta conseguir un ancho viario total superior a 12 m, coa correspondente definición xeométrica do novo eixe viario resultante que xustifique unhas características de trazado aceptables.

No caso de que o ancho total entre aliñacións oficiais de viario resultara inferior a 10,- m deberá estudarse unha posible alternativa viaria para manter a continuidade do itinerario da vía provincial ou propoñer a transferencia de titularidade do treito viario que tivera carácter terminal ou urbano conforme ao previsto no RXEG 66/2016.

Anchuras de viario en solo urbano

Polas mesmas razóns técnicas expostas para o solo de núcleo rural, nos tramos de vías provinciais que descorran por solo urbano non consolidado se consideraban desexables con carácter xeral as aliñacións de viario con semiancho igual ou superior a 8,- m e recuamento frontal de fachada de 2,- m respecto á aliñación oficial de viario, resultando a aliñación oficial homoxénea de edificación con carácter xeral á distancia de 10 m do eixe.

A densidade edificatoria propia do solo urbano consolidado permite considerar xenericamente admisibles nel as propostas de aliñacións de viario con semiancho igual ou superior a 6,- m que resultan da supresión dunha ou as dúas bandas de aparcamento posibles e que permiten acoller o carril de circulación de 3,50 m de ancho, a beiravía de 0,50 m e a beirarrúa de 2,- m, así como a eventual supresión do recuamento.

Se considera tamén xustificable o valor de semiancho mínimo estrito de 5 m previsto no apartado anterior para núcleo rural tradicional, nos ámbitos correspondentes a solo urbano de casco histórico, patrimonio cultural ou terreo accidentado, ou por outras condicións concretas xustificadas en coherencia coa ordenación adoptada no ámbito.

Aspectos documentais

Será obxecto de informe sectorial o documento completo do instrumento de planeamento. Si se presentase en formato dixital CD deberá ser autenticado mediante firma electrónica que permita garantir a integridade e a data da edición correspondente.

Nos Planos de Ordenación dos treitos en solo urbano de vías provinciais se grafarán o código da vía e as aliñacións oficiais de viario e edificación adoptadas en caso de non coincidir. O plano deberá contar con data de redacción e escala gráfica non inferior a 1:2.000, e no tramo afectado se sinalará o eixe da vía con acotación dos valores do semiancho de viario adoptados para cada marxe dende o eixe hasta a correspondente aliñación de viario xunto cos valores mínimos en caso de semiancho variable, e do recuamento que se establecera hasta a aliñación de edificación proposta.

Os Planos de Ordenación que afecten a treitos de vías provinciais en solo urbano e de núcleo rural dos que se solicitase o recoñecemento e delimitación a efectos do previsto no artigo 62 do RXEG 66/2016 deberán presentarse en soporte papel e arquivos dwg ou shp ou dxf, ademais do documento de planeamento completo pdf con sinatura dixital.

O documento de planeamento que se remitira para novo informe sectorial deberá acompañarse dun escrito do equipo redactor coa referencia de “Contestación ao Informe do Servizo de Vías e Obras de data...” no que se relacione o contido e o alcance das modificacións que se introduciran respecto ao documento primitivo derivadas do presente informe.

Consideracións sobre o documento presentado

A continuación analízase a documentación presentada en relación co disposto no Artigo 60. Informe en materia de estradas sobre o planeamento urbanístico do vixente Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG) aprobado por Decreto 66/2016, de 26 de maio, e co expresado nos anteriores informes deste Servizo de Vías e Obras.

Identificación da Rede viaria provincial e dos núcleos rurais afectados

Nos apartados 8. Estado actual da rede viaria do termo municipal e 17.1. Sistema xeral de comunicación viaria e a súa zona de protección da Memoria descritiva e xustificativa figura unha relación na que se enumeran as vías provinciais cos correspondentes códigos e denominacións suficientes para a súa identificación descritiva, cuxo trazado se reflicte no Plano de Información 5.07. Estrutura Xeral do Territorio.

No apartado 20.4. A ordenación nos núcleos rurais. Sistema viario e estrutura dos núcleos figuran recollidos na Táboa 18.4.1 os datos correspondentes aos núcleos rurais atravesados polas estradas provinciais, con indicación do seu nome, código, estrada provincial na que se sitúan, referencia ao seu Plano de ordenación no PXOM así como ao carácter xeral ou excepcional en canto ao semiancho de aliñacións adoptado, xunto cun cadro resumo de xustificación das aliñacións excepcionais proxectadas por causa de aliñacións consolidadas, orografía do terreo ou elementos

catalogados do patrimonio cultural, en aplicación das razóns técnicas previstas no artigo 23.3 da LEG 8/2013.

A continuación enuméranse os núcleos en cuxo ámbito, clasificado como solo urbano no núcleo de A Proba e como solo de núcleo rural no resto, discorren estradas de titularidade desta Deputación, sendo por iso susceptibles da consideración de "treitos urbanos de estradas provinciais" aos efectos da LEG 8/2013:

| Estrada Provincial | Núcleos Rurais e Solo Urbano |
|---|---|
| LU-P-0708 | A Tumbiadoira, Louxas. |
| LU-P-1901 | Louxas, Liñares, Queizán, A Proba |
| LU-P-3501 | A Proba, A Eirexa, Paradela |
| LU-P-3502 | Muñís, Larxentes, Folgueiras de Aigas, Faquís, Rao |
| LU-P-3503 | Silvouta, Vallo |
| LU-P-3504 | Navallos, Moia |
| LU-P-3505 | Freixís, Silvouta |
| LU-P-3506 | Louxas |
| LU-P-3507 | Barcia, Mera, As Covas, Molmeán |
| LU-P-3508 | Robledo de Rao, Murias de Rao |
| LU-P-3509 | A Proba, Vilarpandín, Virigo, Acevedo |
| LU-P-3511 | Pacio |
| LU-P-3512 | Son, Arcón, Robledo de Son |

Clasificación e ordenación urbanística da zona de influencia da rede viaria

O trazado de ditas vías provinciais figura nos Planos de Ordenación 6.1. Director de Clasificación do Solo, 6.2 Estrutura do Territorio e nas follas E. 1:5.000 dos Planos de Ordenación 6.3, nas que grafítase a clasificación como solo rústico de protección de infraestruturas (SRPI) das zonas de dominio público e de protección das estradas provinciais, así como as liñas de afección e a liña límite de edificación das estradas provinciais segundo á definición das mesmas contida na LEG

8/2013 e en coherencia co disposto no artigo 34. Solo rústico de especial protección da vixente Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016).

O trazado das vías provinciais afecta aos núcleos rurais que figuran relacionados no apartado 20.4 da Memoria e no Plano 1. Guía Xeral de Estradas Provinciais E. 1:30.000, o cal inclúese na Separata de Contestación redactada en Xuño 2019, aínda que non figure incorporado ao PXOM cuxa edición de Xullo 2019 facilitada en CD asinado en 2/07/2019 é obxecto do presente informe sectorial.

Na documentación gráfica do PXOM figuran as follas 6.5. Planos de Ordenación de Núcleos Rurais a escala 1/2.000 para cada un dos núcleos rurais mencionados nos que figuran marcadas as aliñacións dos treitos afectados das estradas provinciais, as cales se consideran conformes aos criterios contidos nos anteriores informes deste Servizo pois fíxanse as aliñacións de viario e edificación con carácter xeral a distancias respectivas de 8 e 11 metros do eixe da vía e, aínda que tales distancias pode verse reducida nos tramos en que existen edificacións continuadas a distancia inferior nunha das marxes, conséguese que o ancho total entre as aliñacións de viario das dúas marxes non resulte inferior a 10 m con cargo ao ancho suficiente do que se dispón na outra marxe.

No artigo 200. Condicións esixibles nas estradas de titularidade provincial da Normativa Urbanística do PXOM establécense as condicións xerais de autorización de obras e instalacións, que considéranse correctas, e entre as que figura que as actuacións de edificacións ou peches que se sitúen máis lonxe da estrada que as respectivas aliñacións oficiais poderán ser autorizadas directamente polo Concello previo recoñecemento expreso e concreto dos treitos urbanos por esta Deputación.

Neste senso cabe sinalar que, en virtude da aplicación xeral da vixente lexislación sectorial de estradas que se recolle expresamente no apartado 1 de dito artigo 200, debe interpretarse o contido gráfico e normativo do PXOM segundo a redacción actualmente vixente de tales disposicións, e polo tanto con aplicación da modificación por redución de 15 a 7 m do borde de calzada e a 10 m do eixe para a liña límite de edificación en solo rústico derivada da Lei 3/2018 e

do acordo plenario desta Deputación de 30/04/2019; xunto coa correlativa redución implícita de 11 a 10 m do eixe no semiancho da aliñación xeral de edificación en solo de núcleo rural.

Considéranse de especial transcendencia a aplicación do disposto en canto a autorizacións de accesos no RXEG 66/2016, en particular nos seus artigos 113, 127 a 132 e 137, aspectos que non só se refiren á implantación de novos accesos senón tamén á modificación das características dun acceso existente necesarias para unha eventual parcelación, segregación, cambio de uso ou actividade dun predio ou edificación, salvo que dispuxera dun acceso alternativo que non afecte á estrada provincial.

Carácter do informe e alcance do recoñecemento de treitos urbanos

Polas razóns expostas se considera que o documento do PXOM de Xuño 2019 remitido polo Concello coa sinatura dixital do seu autor de data 2/07/2019 reúne os requisitos esixidos de conter a clasificación, cualificación e ordenación urbanística dos terreos situados na zona de dominio público e nas zonas de protección das vías provinciais garantindo o respecto das limitacións á propiedade reguladas na lei e regulamento de estradas de Galicia, polo que proponse emitir informe sectorial de carácter favorable a efectos de continuar o procedemento de aprobación do PXOM.

O artigo 62 do RXEG 66/2016 dispón que a delimitación dos treitos urbanos require o previo informe favorable ao instrumento de planeamento pola administración titular das estradas con inclusión dun pronunciamento expreso e concreto ao respecto, e que só terá efectos no momento no que o instrumento de planeamento entre en vigor.

Dado o carácter favorable do presente informe e que no anterior apartado 3.1 deste recóllese a relación concreta dos treitos urbanos de estradas provinciais, cuxa delimitación detállase nos correspondentes Planos de Ordenación do PXOM, considérase que procede o recoñecemento expreso e concreto de ditos treitos urbanos.

Posto que os efectos do recoñecemento dos treitos urbanos quedan diferidos ao momento no que o instrumento de planeamento entre en vigor, considérase que debera condicionarse a

efectividade de tal recoñecemento dos treitos urbanos a que o Concello notifique a esta Deputación a entrada en vigor do PXOM e aporte un exemplar en soporte CD asinado dixitalmente polo Concello que conteña os arquivos pdf do documento do PXOM definitivamente aprobado.

Tamén deberá aportar, en aplicación do disposto no artigo 210. Instrumentos formais do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, un CD cos arquivos en formato vectorial dwg, shp ou dxf correspondentes aos Planos de Ordenación dos treitos urbanos de estradas provinciais que permita a consulta gráfica de distancias.

A recepción e aprobación por esta Deputación de ditos documentos permitirá validar que as determinacións do documento do PXOM que entre en vigor son conformes ás contidas no documento de data Xuño 2019 asinado dixitalmente en 2/07/2019 polo seu autor que é obxecto do presente informe favorable, e dar inicio aos efectos da súa aplicación aos treitos urbanos das vías provinciais".

Por todo o que antecede, aos efectos da Lei 8/2013 de estradas de Galicia e no que se refire ás vías de titularidade desta Deputación, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Emitir informe sectorial favorable ao documento do "Plan Xeral de Ordenación Municipal de Navia de Suarna" de data Xuño de 2019 presentado polo Concello en soporte CD con sinatura electrónica do director do equipo redactor de data 2/07/2019.

**2º.-** Emitir informe favorable ao recoñecemento da delimitación dos treitos urbanos de vías provinciais relacionados neste informe, que só terá efectos unha vez que o instrumento de planeamento entre en vigor e quedará condicionado á validación da documentación a presentar polo Concello en tal momento.

**3º.-** Notificar o presente acordo ao Concello de Navia de Suarna".

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNICIA DO EXPEDIENTE SUBAGR-2018-076 DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018, "RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA A POSTA EN PRODUCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS".**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

"Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno a proposta da Comisión de Valoración, acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/076, correspondente a dona Rosa María Rego Ladra (Vilalba), destinada á "Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros", concedéndolle unha subvención por importe de 1.825,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Dona Rosa María Rego Ladra (Vilalba), presenta escrito con data de rexistro de entrada 9 de setembro de 2019, solicitando a renuncia á subvención SUBAGR-2018/076.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

Acceder a petición formulada por dona Rosa María Rego Ladra (Vilalba), e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 21 de decembro de 2018, para a Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros, por importe de 1.825,00 €".

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL.**

Logo de ver a proposta do Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística do seguinte teor:

"En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 10 de agosto de 2018, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 186, do 14 de agosto de 2018, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018.

Propoño

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aproben as seguintes renuncias:

| Entidade | Subvención |
|---|---|
| Asociación Artes Escénicas Audiovisuais Curuxan | 361,00 |
| Asociación A Rabela Teatro | 542,00 |
| Agrupación Cultural Amigos Das Artes O Feitizo | 554,00 |
| Asociación Veciños e Comerciantes da Residencia Lugo "ASCORELU" | 409,00 |

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DO GASTO E DO MODELO DE ANEXO DA II COPA DEPUTACIÓN DE FÚTBOL SALA PARA O ANO 2019.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

"Visto que a II Copa Deputación de Fútbol sala, supón unha actuación relevante e de importancia na promoción e fomento do deporte do fútbol sala e por extensión do deporte de base provincial, facendo efectivas as competencias da Deputación de Lugo no apoio ao desenvolvemento de actividades deportivas no ámbito territorial dos distintos concellos lucenses.

Visto que A II Copa Deputación de fútbol sala é unha competición organizada pola Federación Galega de Fútbol e dirixida a todos aqueles equipos da provincia de Lugo das categorías Liga Autonómica e 1ª Galicia (Feminino) e 2ª División B, Terceira División, Preferente Grupo Norte e 1ª Galicia (Masculino).

Visto que o carácter desta competición é oficial, polo que será organizada pola Federación Galega de Fútbol.

Visto que a competición consta de varias fases e que aos equipos participantes na II Copa Deputación, a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación Provincial lles aboará como premio polos seus méritos deportivos na competición cantidades económicas en concepto de premio e de acordo cos criterios establecidos e en base ás normas de competición definidas pola FGF.

Visto o informe do Servizo de Deportes.

Visto o informe favorable do servizo de Contratación e Intervención.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobación das bases de participación da II Copa Deputación de fútbol sala para o ano 2019.

**2º**.- Aprobación do gasto destinado a premios correspondentes por un importe total de 17.000,00 € (dezasete mil euros).

**3º**.- Aprobar o modelo de anexo de participación".

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 11- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN TRABALLADOR DO CADRO DE PERSOAL LABORAL PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta do Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

"Visto que D. Alejandro José Novo Novo, Administrativo do Cadro de Persoal Laboral Provincial, cumpre os 65 anos de idade o día 4 de outubro de 2019.

Tendo en conta que D. Alejandro José Novo Novo terá recoñecidos a citada data un período de cotización superior aos 36 anos e 9 meses e que non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Considerando que o artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril da Lei de Emprego Público de Galicia establece:

"1. A xubilación do persoal funcionario poderá ser:

Voluntaria

Forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida. […].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida […]”.

O Artigo 53 do Convenio Colectivo Único para Persoal Laboral da Excma. Deputación Provincial de Lugo BOP (30-08-1990), no seu artigo 53.1) establece:

“A xubilación forzosa do persoal laboral a fin de contribuír á realización dunha política de promoción de emprego, declararase de oficio ao cumprir o traballador os 65 anos de idade. A xubilación forzosa de ditos traballadores rexirase polo establecido na Lei 8/80, de 10 de marzo (...)”.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

| Ano | Períodos cotizados | Idade esixida |
|---|---|---|
| 2019 | 36 anos e 9 meses ou máis | 65 anos. |
| | Menos de 36 anos e 9 meses | 65 anos e 8 meses |

[…].”.

Á vista dos considerandos anteriormente sinalados e tendo presente que D. Alejandro José Novo Novo tería acreditado, á data do 4 de outubro de 2019, un período de cotización superior aos 36 anos e 9 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo activo.

Procede formular proposta á Xunta de Goberno para que adopte acordo declarando a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do traballador do Cadro de

Persoal Laboral D. Alejandro José Novo Novo, con efectividade do día 4 de outubro de 2019, data na que se extingue a súa relación laboral con esta Entidade”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 24/2019-J.**

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1de Lugo, relativo ao expediente administrativo do recurso nº24/2019-J interposto por D. Jesús Montouto González, fronte a esta Deputación Provincial en materia de función pública da administración local; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade, acorda:

**1º.-** A comparecencia desta Entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

**2º.-** A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

**3º.-** O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora se fora preciso.

**13.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 303/2019-B.**

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1de Lugo, relativo ao expediente administrativo do recurso nº 303/2019-B interposto por Dª. Laura Villamarín Rivas e outros, fronte a esta Deputación Provincial, en materia de administración local; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade, acorda:

**1º.-** A comparecencia desta Entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

**2º.-** A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

**3º.**- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora, se fora preciso.

**14.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 316/2019.**

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 316/2019, interposto por MGS SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., contra esta Entidade, por desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polos danos no vehículo como consecuencia dun accidente de circulación na estrada LU-P-1611, P.K. 87,1 debido a irrupción dun corzo na vía; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

**2º.-** A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

**3º.-** O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

**15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

## A S U N T O S  D E  U R X E N C I A

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptouse o seguinte acordo:

**Proposta de aprobación, se procede, do expediente de contratación do subministro de áridos a empregar en tratamentos superficiais executados polo Parque Móbil desta Deputación Provincial.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do subministro de áridos a empregar en tratamentos superficiais executados polo Parque Móbil da Deputación Provincial consta no mesmo:

Orde de inicio do expediente de contratación de data 5 de setembro de 2019.

Memoria de xustificación de la necesidade de la contratación realizada polo xefe do Parque Móbil de data 5 de setembro de 2019 o que se describen as necesidades da Administración a las que se pretende dar satisfacción mediante la contratación do subministro e a xustificación do prezo de licitación.

Xustificación da non procedencia de división en lotes de 16 de setembro de 2019

Solicitude á Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito 16 de setembro de 2019.

Pregos de prescricións técnicas e pregos de cláusulas administrativas particulares.

Consta así mesmo e informe xurídico firmado por polo asesor técnico conformado po la Secretaria Xeral.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e, proponse que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación do "Subministro de áridos a empregar en tratamentos superficiais executados polo Parque Móbil da Deputación Provincial".

**2º.-** Aprobar o contido integro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, os que se conteñen dacordo co establecido na norma, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación que tratan de respostar o mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxetivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos socias como criterio de puntuación .

**3º.-** Aprobar o  gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato por importe anual  IVE excluído de 138.550,00 € correspondendo 29.095,50€ ó 21% IVE  cunha duración inicial de dous anos coa posibilidade de dúas prórrogas anuais ate  un máximo de catro anos, prórrogas incluídas.

**4º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios  suxeito a regulación harmonizada, de conformidade co establecido no art. 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei considerando o carácter ordinario da súa aplicación de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias incluída a publicidade comunitaria no DOUE.

A distribución de anualidades segundo a proposta incorporada ó prego de prescricións técnicas é a seguinte:

| | AÑOS | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 2019 | 2020 | 2021 | ACUMULADO |
| PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN | 34.637,50 | 138.550,00 | 103.912,50 | 277.100,00 |
| IVA (21 %) | 7.273,88 | 29.095,50 | 21.821,63 | 58.191,00 |
| PRESUPUESTO TOTAL CON IVA | 41.911,38 | 167.645,50 | 125.734,13 | 335.291,01 |

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2020 e seguintes as cantidades indicadas.

**5º.-** A designación individualizada dos vocais 3º e 4º da mesa, e dun segundo suplente da secretaría da mesma, realizarase xunto coa do responsable do contrato, por resolución da presidencia, de conformidade co acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión que tivo lugar o 29.10.2018, sobre a composición das mesas de contratación, e aplicando o apartado 7 da D.A. 2ª da LCSP, en relación co artigo 326 de dita lei e o artigo 21 do RD 817/2009, así como acordo da xunta de goberno de data 6 de setembro de 2019 e o decreto de data 13 de setembro de 2019.

**6º.-** Vista a finalidade á que serve o contrato, isto é o correcto mantemento do viario que descorre polo territorio provincial, a urxencia queda xustificada pola necesidade de garantir a posta en marcha do subministro coa maior celeridade posible, considerando que a estes efectos, a aprobación do expediente non admite dilación".

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e cincuenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.